




Sustentabilidade Territorial

Plan de Seguimento das DOT

Anexo I:

Traballo desenvolvido polos GTT
Valoración e tendencia dos indicadores

Anexo II:

Indicadores de Desenvolvemento e
Implantación (IDI)

Indicadores de Sustentabilidade
Territorial (IST)

Anexo III:

Indicador sintético

INFORME 2018



XUNTA DE GALICIA

Anexo III: Ensaio metodolóxico sobre a detección de áreas que precisan medidas correctoras

Para que?

O sistema de indicadores é unha ferramenta para medir o estado dunha serie de variables e a súa evolución ao longo do tempo coa finalidade de **identificar os espazos que se afastan dunha situación ideal (DOT) e propoñelos para que se lles apliquen medidas que os reconduzan** cara a esa situación ideal cos recursos dispoñibles (informes técnicos nos que se baseen as tomas de decisións).

En que consiste?

Este ensaio consiste no deseño e **no cálculo dun indicador socioeconómico sintético** que nos permita identificar **os concellos que amosan simultaneamente un estado e unha evolución peor**, dentro do contexto galego. Posteriormente, dentro deste grupo, **seleccionáronse os NET**, que son os núcleos de poboación que ofrecen funcións urbanas básicas para atender non só aos seus residentes senón tamén á poboación rural da súa contorna, nun contexto de despoboamento xeneralizado. En coherencia coa filosofía das DOT, é preciso o seu pulo para a ordenación equilibrada do territorio, mediante unha xestión transversal e interdisciplinar.

Como se escolmaron os parámetros de medida?

- Os do bloque de socioeconomía (SE)
- Os que se calcularon para este 5º informe.
- Os que comparten a máxima desagregación espacial na súa expresión de resultados (municipal).
- Os que manteñen a súa metodoloxía de cálculo durante o período considerado (principio e final de serie temporal).

- Os que cuantifican variables presentes en todo o territorio.
- Os relevantes e pertinentes, é dicir, os que miden ben un determinado aspecto e non son redundantes.

Que medidas do 5º informe se seleccionaron ⁽¹⁾?

Indicador	Evolución
1 Variación da poboación (m1)	2001-2011 e 2007-2017
2 Densidade de poboación (m1)	2011-2017
3 Densidade de poboación (m2): na ZPP baixa	2016-2017
4 Poboación en áreas pouco poboadas (m1): %	2016-2017
5 Diversidade de actividades económicas (m1): índice de diversidade de Shannon	2015-2016
6 Diversidade de actividades económicas (m2): número de establecementos empresariais	
7 Actividade comercial (m1): número de establecementos comerciais	2012-2016
Intensidade turística	2011-2018
Estacionalidade turística	2013-2016
8 Poboación ocupada por ramas de actividade	2011-2017
Formación especializada	

(1) Os indicadores que aparecen en color gris non se tiveron en conta polo seu nivel territorial inadecuado e/ou por terse introducido cambios metodolóxicos o que imposibilita a comparación de resultados entre o primeiro e o último ano.

Cal é o fundamento metodolóxico deste indicador sintético?

- Sinxeleza
- Síntese (claridade e brevidade)
- Método de tenteo

Que fases se desenvolveron?

1. Selección dos parámetros de medida (normalmente non son indicadores completos) que formarían parte do indicador sintético e que acabarían sendo oito (catro demográficos e catro económicos).
2. Asignación de criterios para avaliar cada unha das medidas.

3. Recompilación dos datos de inicio e final das series calculadas de cada unha das medidas.
4. Recálculo de cada medida de acordo cos criterios preseleccionados (para máis información, ler seguinte apartado) e identificación dos municipios que se comportan mal (“M”).
5. Reconto do número de medidas que se comportan mal (“M”) en cada un dos concellos.
6. Selección do número de “M” para caracterizar os concellos que se comportan peor, do que resultou que “M”= 4, 5 e 6.
7. Representación cartográfica dos resultados
8. Busca de padróns de localización dos concellos que se comportan peor (“M” = 4, 5 e 6).
9. Filtrado dos concellos que se comportan peor cruzándoos co sistema de asentamentos de influencia supramunicipal das DOT (ciudades, SUI, NET) para propoñer que se incorporen no deseño e desenvolvemento das políticas públicas.
10. Coherencia e depuración (1ª parte): comparación dos resultados con outras variables económicas interesantes non actualizadas neste 5º informe pero que están actualizadas na web do IGE (PIB e renda dispoñible do fogar per cápita).
11. Coherencia e depuración (2ª parte): comparación de resultados con outros indicadores deste sistema de seguimento que están encadrados no bloque de socioeconomía, medindo aspectos máis puntuais, ben pola súa temática ben pola súa extensión (superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal, agricultura ecolóxica e implantación das TIC).

Cales son os criterios aplicados a cada medida?

Inicialmente fixéronse varias probas focalizando os ensaios unicamente na evolución de cada unha das medidas pero, ao saíren ben representados algúns concellos que amosan un mal comportamento na actualidade, considerouse que os resultados eran inadecuados.

Á vista dos resultados, decidiuse combinar ese criterio evolutivo con outro que tivese en conta o estado do indicador no momento actual ou, o que é o mesmo, no último ano dispoñible, que sae publicado neste 5º informe. Fixéronse outra vez diversas probas ata dar coa fórmula definitiva que permitise identificar, para cada unha das oito medidas, os concellos que foron a peor dende o momento en que se comezou a realizar o seu seguimento e amosan, ao mesmo tempo, un mal comportamento no último ano.

Os criterios finalmente aplicados son os que figuran a continuación:

VARIACIÓN DA POBOACIÓN (medida 1: variación relativa en tantos por cen en 10 anos)

Condición 1 (evolución): Compárase o valor do momento de partida da serie e o dato máis actual.

Se se comporta peor no 5º informe que no primeiro, evolución = M.

Se se comporta mellor no 5º informe que no primeiro, evolución = B.

Non deu os resultados esperados (ex.: Vilalba, A Fonsagrada, Vigo), así que se completou a metodoloxía.

Condicións definitivas (evolución e estado actual): Combínase a evolución respecto ao punto de partida co estado (o resultado máis actualizado).

Se perde poboación no 5º informe e ademais a maior ritmo que no primeiro (antes podían estar ganándoa incluso) = M.

Se perde poboación no 5º informe pero a menor ritmo que no primeiro = MR.

Se gaña poboación no 5º informe pero desacelerou o ritmo respecto ao primeiro informe = BR.

Se gaña poboación no 5º informe e ademais a un ritmo maior que no primeiro informe = B.

Cómpre sinalar que non se comparan os valores municipais coa media de Galicia porque é negativa (non ten sentido comparalo cun espazo que se comporta mal).

DENSIDADE DE POBOACIÓN (medida 1)

Condición 1 (evolución): Compárase o punto de partida e o dato máis actual.

Cando descende a densidade = M.

Condicións definitivas (evolución e estado actual): Ademais da evolución, tense en conta o estado actual.

Cando a densidade é inferior á mediana de todos os valores municipais de Galicia (ano 2017: 36,836454) = M.

Optouse por establecer comparacións coa mediana porque a media sae distorsionada polos valores extremos de concellos como A Coruña.

DENSIDADE DE POBOACIÓN (medida 2: densidade de poboación na ZPP baixa)

Condición 1 (evolución): Compárase o punto de partida e o dato máis actual.

Cando descende a densidade no rural = M.

Condicións definitivas (evolución e estado actual): Ademais da evolución, tense en conta o estado actual.

Cando a densidade é inferior á media de Galicia (ano 2017: 21,382628) = M.

POBOACIÓN EN ÁREAS POUCO POBOADAS (medida 1: % de poboación en ZPP baixa)

Condición 1 (evolución): Compárase o punto de partida e o dato máis actual.

Se se comporta peor no 5º informe que no primeiro, evolución = M.

Desbótanse os concellos que non teñen parroquias rurais (0%).

Non deu bos resultados (ex.: Rodeiro), así que se completa a metodoloxía.

Condicións definitivas (evolución e estado actual): Á evolución engadíuselle o criterio correspondente ao estado.

Cando o peso relativo do rural no último ano é inferior á media de Galicia (ano 2017: 19.5%) = M.

Non se cualifican nin os concellos totalmente rurais (100%) nin cando non teñen ningunha parroquia rural (0%) porque en ningún dos dous casos se poden apreciar os cambios de residencia entre a capital municipal e a súa contorna.

Chama a atención o caso de Vigo (Illas Cíes).

DIVERSIDADE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (medida 1: índice de diversidade de Shannon):

Condición 1 (evolución): Avalíase a evolución comparando o primeiro e o último ano.

Se perde diversidade = M.

Condicións definitivas (evolución e estado actual): Opción combinada que consiste en cualificar como "M" aqueles concellos que teñen un mal estado o último ano (valores por debaixo da mediana dos valores municipais: ano 2016 = 4,19 e ademais evolucionaron mal con respecto ao ano de partida da serie temporal considerada durante todo o sistema de seguimento.

Cómpre sinalar que se toma como valor de referencia a mediana dos valores municipais e non o valor de Galicia (5,23) porque a Comunidade ten un valor máis elevado que calquera dos concellos que a conforman.

DIVERSIDADE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (medida 2: número de establecementos empresariais)

Condición 1 (evolución): Avaliase a evolución comparando o primeiro e o último ano.

Cando, ao comparar o punto de inicio e a última actualización, perderon unidades locais tanto en números absolutos como relativos (unidades/1.000 hab.) = M.

Condicións definitivas (evolución e estado actual): O criterio evolutivo anteriormente mencionado combinouse co estado.

Os concellos que no último ano teñen un valor menor ca media de Galicia (86,4) = M.

ACTIVIDADE COMERCIAL (medida 1: número de establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes):

Condición 1 (evolución): Compáranse os valores do primeiro e o último ano dispoñible.

Cando, ao comparar o punto de inicio e a última actualización, decrecen os establecementos comerciais tanto en números absolutos como relativos (unidades/1.000 hab.) = M.

Cando, ao comparar o punto de inicio e a última actualización, aumenta o número de establecementos comerciais tanto en números absolutos como relativos (unidades/1.000 hab.) = B.

Nos demais casos non se cualifica (*por exemplo, ábreanse comercios pero tocan a menos por habitantes ou pechan comercios pero tocan a máis por habitante porque aumentou a poboación*).

Condicións definitivas (evolución e estado actual): Combinouse o criterio anterior co estado do indicador no último ano.

Cando a actividade comercial é inferior á media de Galicia (ano 2016 = 24,31024) = M.

POBOACIÓN OCUPADA (afiliacións en situación de alta laboral na Seguridade Social):

Condición definitiva (evolución):

Cando hai menos ocupados no último ano que no ano de partida = M.

Realizáronse os cálculos empregando unicamente o número total de ocupados en cada concello, discriminando os valores relativos á súa distribución por ramas de actividade.

Ademais, empregouse un criterio moi sinxelo (unicamente a condición 1) porque os resultados xa están a reflectir simultaneamente tanto a situación económica como a demográfica, xa que o número de ocupados depende da conxuntura económica pero, ao mesmo tempo, é unha consecuencia directa da estrutura por idades da poboación. Ex.: nunha sociedade avellentada hai menos ocupados que nunha algo máis nova, aínda no caso de ter unha situación económica similar.

Entre outras, tamén se barallou a posibilidade de ter en conta a evolución en termos relativos (%) e de relacionala coa media de Galicia, pero ao ser esta positiva, “salvábanse” algúns concellos que perden ocupación, polo que se desbotou esta opción.

Como se combinaron os resultados das distintas medidas para elaborar o indicador?

O valor final do indicador sintético para cada un dos 313 concellos galegos obtívose computando o número de parámetros de medida con resultados desfavorables (M) a escala municipal, considerando ambas as dúas perspectivas explicadas no apartado anterior: a estática (estado actual) e a

dinámica (comparación dos resultados de cada medida ao principio e ao final da serie temporal, é dicir, o ofrecido no momento da inclusión de cada medida na batería de indicadores deste sistema de seguimento e o seu dato máis actualizado, que se presenta neste quinto informe).

Unha vez calculados os valores municipais sintéticos, representáronse cartograficamente para obter unha visión espacial dos resultados.


Dado que a finalidade última desta representación consistía en identificar unicamente os municipios con peores estados e evolucións simultáneas, despois de realizar diversas probas, considerouse que pasarían a formar parte deste grupo os municipios cuxo valor final superase a metade das posibilidades existentes, que teoricamente eran 8. Pero como o valor máximo non excedeu, en ningún ámbito municipal, o número 6, decidiuse que os concellos que pasarían a clasificarse como tales serían os que acadaron un valor igual a 6, 5 ou 4.

Cales foron os resultados obtidos?

A Coruña:

codINE	concello	Indicador sintético SE
15001	Abegondo	1
15002	Ames	1
15003	Aranga	5
15004	Ares	2
15005	Arteixo	2
15006	Arzúa	2
15007	A Baña	4
15008	Bergondo	1
15009	Betanzos	2
15010	Boimorto	1
15011	Boiro	2
15012	Boqueixón	4
15013	Brión	2
15014	Cabana de Bergantiños	2
15015	Cabanas	1
15016	Camarías	3
15017	Cambre	0
15018	A Capela	5
15019	Carballo	0
15020	Carnota	2
15021	Carral	1
15022	Cedeira	3
15023	Cee	1
15024	Cerceda	1
15025	Cerdido	3
15027	Coirós	0
15028	Corcubión	2
15029	Coristanco	4
15030	A Coruña	1
15031	Culleredo	1
15032	Curtis	2
15033	Dodro	1
15034	Dumbria	3
15035	Fene	3
15036	Ferrol	3
15037	Fisterra	3
15038	Frades	3
15039	Irixoa	5
15040	Laxe	4
15041	A Laracha	2
15042	Lousame	3
15043	Malpica de Bergantiños	2
15044	Mañón	3
15045	Mazaricos	3
15046	Melide	1
15047	Mesía	5
15048	Miño	1


codINE	concello	Indicador sintético SE
15049	Moeche	3
15050	Monfero	4
15051	Mugardos	0
15052	Muxía	2
15053	Muros	3
15054	Narón	0
15055	Neda	1
15056	Negreira	1
15057	Noia	2
15058	Oleiros	1
15059	Ordes	1
15060	Oroso	1
15061	Ortigueira	5
15062	Outes	1
15064	Paderne	3
15065	Padrón	2
15066	O Pino	2
15067	A Pobra do Caramiñal	3
15068	Ponteceso	2
15069	Pontedeume	4
15070	As Pontes de García Rodríguez	3
15071	Porto do Son	2
15072	Rianxo	3
15073	Ribeira	3
15074	Rois	2
15075	Sada	1
15076	San Sadurniño	3
15077	Santa Comba	2
15078	Santiago de Compostela	1
15079	Santiso	4
15080	Sobrado	4
15081	As Somozas	6
15082	Teo	1
15083	Toques	5
15084	Tordoia	4
15085	Touro	2
15086	Trazo	3
15087	Valdoviño	2
15088	Val do Dubra	2
15089	Vedra	0
15090	Vilasantar	3
15091	Vilamaior	1
15092	Vimianzo	2
15093	Zas	3
15901	Cariño	4
15902	Oza-Cesuras	3



Lugo:

codINE	concello	Indicador sintético SE
27001	Abadín	4
27002	Alfoz	5
27003	Antas de Ulla	4
27004	Baleira	4
27005	Barreiros	2
27006	Becerreá	3
27007	Begonte	4
27008	Bóveda	5
27009	Carballedo	4
27010	Castro de Rei	4
27011	Castroverde	3
27012	Cervantes	3
27013	Cervo	3
27014	O Corgo	4
27015	Cospeito	2
27016	Chantada	1
27017	Folgoso do Courel	4
27018	A Fonsagrada	5
27019	Foz	1
27020	Friol	3
27021	Xermade	4
27022	Guitiriz	3
27023	Guntín	5
27024	O Incio	5
27025	Xove	2
27026	Láncara	3
27027	Lourenzá	3
27028	Lugo	1
27029	Meira	1
27030	Mondoñedo	4
27031	Monforte de Lemos	3
27032	Monterroso	3
27033	Muras	5
27034	Navia de Suama	3


codINE	concello	Indicador sintético SE
27035	Negueira de Muñiz	3
27037	As Nogais	4
27038	Ouro	4
27039	Outeiro de Rei	0
27040	Palas de Rei	4
27041	Pantón	3
27042	Paradela	3
27043	O Páramo	6
27044	A Pastoriza	5
27045	Pedrafita do Cebreiro	3
27046	Pol	3
27047	A Pobra do Brollón	5
27048	A Pontenova	4
27049	Portomarín	6
27050	Quiroga	4
27051	Ribadeo	1
27052	Ribas de Sil	2
27053	Ribeira de Piquín	6
27054	Riotorto	3
27055	Samos	5
27056	Rábade	1
27057	Sarria	2
27058	O Saviñao	4
27059	Sober	4
27060	Taboada	4
27061	Trabada	5
27062	Triacastela	5
27063	O Valadouro	5
27064	O Vicedo	3
27065	Vílalba	2
27066	Viveiro	2
27901	Baralla	4
27902	Burela	2



Ourense:

codINE	concello	Indicador sintético SE
32001	Allariz	0
32002	Amoeiro	2
32003	A Amoia	4
32004	Avión	6
32005	Baltar	5
32006	Bande	6
32007	Baños de Molgas	4
32008	Barbadás	1
32009	O Barco de Valdeorras	4
32010	Beade	4
32011	Beariz	5
32012	Os Blancos	6
32013	Boborás	5
32014	A Bola	4
32015	O Bolo	5
32016	Calvos de Randín	6
32017	Carballeda de Valdeorras	3
32018	Carballeda de Avia	5
32019	O Carballiño	0
32020	Cartelle	4
32021	Castrelo do Val	5
32022	Castrelo de Miño	3
32023	Castro Caldelas	4
32024	Celanova	2
32025	Cenlle	3
32026	Coles	3
32027	Cortegada	2
32028	Cualedro	3
32029	Chandrexa de Queixa	5
32030	Entrimo	5
32031	Esgos	1
32032	Xinzo de Limia	1
32033	Gomesende	3
32034	A Gudiña	3
32035	O Irixo	5
32036	Xunqueira de Ambía	3
32037	Xunqueira de Espadanedo	3
32038	Larouco	6
32039	Laza	4
32040	Leiro	3
32041	Lobeira	5
32042	Lobios	4
32043	Maceda	3
32044	Manzaneda	3
32045	Maside	1
32046	Melón	5


codINE	concello	Indicador sintético SE
32047	A Merca	4
32048	A Mezquita	3
32049	Montederramo	6
32050	Monterrei	2
32051	Muíños	3
32052	Nogueira de Ramuín	5
32053	Oímbra	3
32054	Ourense	3
32055	Paderne de Allariz	6
32056	Padrenda	4
32057	Parada de Sil	3
32058	O Pereiro de Aguiar	1
32059	A Peroxa	6
32060	Petín	5
32061	Piñor	5
32062	Porqueira	5
32063	A Pobra de Trives	4
32064	Pontedeva	4
32065	Punxín	3
32066	Quintela de Leirado	6
32067	Rairiz de Veiga	4
32068	Ramirás	2
32069	Ribadavia	3
32070	San Xoán de Río	4
32071	Riós	6
32072	A Rúa	1
32073	Rubiá	3
32074	San Amaro	4
32075	San Cibrao das Víñas	0
32076	San Cristovo de Cea	3
32077	Sandiás	3
32078	Sarreaus	6
32079	Taboadela	3
32080	A Teixeira	6
32081	Toén	2
32082	Trasmiras	4
32083	A Veiga	4
32084	Verea	5
32085	Verín	2
32086	Viana do Bolo	4
32087	Vilamarín	3
32088	Vilamartín de Valdeorras	5
32089	Vilar de Barrio	4
32090	Vilar de Santos	4
32091	Vilardevós	2
32092	Vilariño de Conso	6



Pontevedra:

codINE	concello	Indicador sintético SE
36001	Arbo	3
36002	Barro	1
36003	Baiona	0
36004	Bueu	2
36005	Caldas de Reis	1
36006	Cambados	0
36007	Campo Lameiro	4
36008	Cangas	1
36009	A Cañiza	1
36010	Catoira	1
36013	Covelo	4
36014	Crecente	3
36015	Cuntis	0
36016	Dozón	4
36017	A Estrada	1
36018	Forcarei	4
36019	Fornelos de Montes	4
36020	Agolada	4
36021	Gondomar	0
36022	O Grove	1
36023	A Guarda	2
36024	Lalín	1
36025	A Lama	4
36026	Marín	2
36027	Meaño	2
36028	Meis	1
36029	Moaña	0
36030	Mondariz	2
36031	Mondariz-Balneario	3
36032	Moraña	3
36033	Mos	0

codINE	concello	Indicador sintético SE
36034	As Neves	3
36035	Nigrán	1
36036	Oia	4
36037	Pazos de Borbén	3
36038	Pontevedra	0
36039	O Porriño	0
36040	Portas	1
36041	Poio	1
36042	Ponteareas	1
36043	Ponte Caldelas	1
36044	Pontecesures	1
36045	Redondela	1
36046	Ribadumia	0
36047	Rodeiro	3
36048	O Rosal	2
36049	Salceda de Caselas	0
36050	Salvaterra de Miño	3
36051	Sanxenxo	1
36052	Silleda	2
36053	Soutomaior	0
36054	Tomíño	1
36055	Tui	1
36056	Valga	3
36057	Vigo	2
36058	Vilaboa	2
36059	Vila de Cruces	3
36060	Vilagarcía de Arousa	0
36061	Vilanova de Arousa	1
36901	A Illa de Arousa	2
36902	Cerdedo-Cotobade	3




Cales foron as conclusións tiradas?


1. Para o cálculo dos valores municipais sintéticos consideráronse oito medidas pero ningún dos municipios acadou máis de seis medidas avaliadas como “M”, por tanto, os resultados deste indicador abranguen un rango comprendido entre 0 (valor mínimo) e 6 (valor máximo).

Reconto “M”	Núm de concellos	
0	0	22
1	1	55
2	2	50
3	3	76
4	4	58
5	5	35
6	6	17




2. O número de municipios que non obtivo ningún “M” ascende a 22. A súa distribución xeográfica preferente é a provincia de Pontevedra (sobre todo, nas comarcas de Vigo e O Salnés), seguida polas da Coruña, Ourense e Lugo.





3. A representación cartográfica dos resultados do indicador sintético amosa unha asimetría E-O que denota un gran desequilibrio territorial. En xeral, os concellos situados nas dúas provincias orientais presentan valores finais moito máis elevados que os occidentais, o que significa que se están comportando simultaneamente de xeito máis negativo nun maior número de medidas.




4. Os concellos que se comportan peor de todos ("M"= 6,5,4) elévase a 110, supoñendo o 35% de todos os existentes en Galicia. Entre eles, 17 –case todos na provincia de Ourense– acadaron un valor 6; 35, un 5; e 58, un 4.



5. A localización dos concellos que se comportan peor ("M" = 4,5,6) debuxa, a grandes riscos, un gran "8" que abrangue as provincias de Lugo e Ourense. Aínda que a orografía, por si soa non explica a súa distribución xeográfica, obsérvase que existe certa relación. Así, moitos destes concellos sitúanse na Dorsal Galega, nas Serras Orientais, no Macizo Central Ourenán...




6. Outra característica común que comparten case todos os concellos que se comportan peor ("M"= 6,5,4) é o seu baixo grao de urbanización, de acordo coa clasificación GU 2016. Así, 98 forman parte da Zona Pouco Poboada baixa e 10 encádranse na Zona Pouco Poboada intermedia. As únicas excepcións constitúenlas Pontedeume e O Barco de Valdeorras, que foron catalogados como Zona Intermedia baixa e Zona Intermedia alta respectivamente. Cómpre salientar que estas zonas rurais e pouco poboadas e, ás veces, cunha elevada dispersión da poboación, xogan un papel esencial no mantemento do medio rural, da biodiversidade e das paisaxes.



7. Atendendo ao sistema de asentamentos das DOT, dentro deste grupo de concellos con valores 6, 5 ou 4, identificáronse varios núcleos con influencia supramunicipal, localizados maioritariamente na área periférica oriental de Galicia. Os resultados resumidos figuran a continuación:

M=4,5,6 (total= 110 concellos) (influencia supramunicipal= 9 concellos)		Nivel Sistema de asentamentos	M acumulados	1 Variación de población	2 Densidade de población	3 Densidade de población en ZPP baixa	4 % Población en áreas pouco poboadas	5 Diversidade de actividades económicas	6 Establecime ntos empresariais	7 Establecime ntos comerciais	8 Población ocupada
A Coruña (1)	Ortigueira	NET	5	M	M	M				M	M
	A Fonsagrada	NET	5	M	M	M			M		M
	Mondoñedo	NET	4	M	M	M					M
Lugo (3)	Quiroga	NET	4	M	M	M				M	
	A Pobra de Trives	NET	4	M	M					M	M
	Bande	NET	6	M	M	M		M			M
Ourense (5)	Castro Caldeas	NET	4	M	M	M					M
	O Barco de Valdeorras	SUI	4	M			M				M
	Viana do Bolo	NET	4		M	M			M	M	
Pontevedra (0)		-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

- No primeiro nivel, o das grandes cidades, non se comporta mal ningún concello simultaneamente nin en 6, nin en 5 nin tan sequera en 4 das súas medidas.
- No segundo nivel, unha cabeceira do sistema urbano intermedio, O Barco de Valdeorras (Ourense), acadou un valor 4, pero nun dos parámetros de medida que lle fixo acadar este resultado (Población ocupada) presenta valores pouco significativos.
- No terceiro nivel (NET) determinouse que os concellos que se están a comportar peor, por teren resultados negativos en 6, 5 ou 4 medidas e, por tanto, precisan a implantación de medidas correctoras en materia demográfica e socioeconómica son estes oito: un está na provincia da Coruña (Ortigueira), tres na de Lugo (Mondoñedo, A Fonsagrada, Quiroga) e catro na de Ourense (Castro Caldeas, A Pobra de Trives, Viana do Bolo e Bande). De acordo co seu grao de urbanización, estes concellos forman parte da denominada Zona Pouco Poboada, segundo a clasificación GU 2016.



8. Os NET que obtiveron peores resultados no indicador sintético tamén amosan estados e/ou evolucións negativas noutros indicadores cos que se comprobou a coherencia: Renda bruta dispoñible do fogar per cápita, PIB e Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais.

É preciso insistir en que os NET pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal e que, de acordo coa filosofía das DOT, “actúan como centros de prestación de servizos e de dinamización dos espazos rurais” da súa contorna, constituíndo “unha base imprescindible para impulsar estratexias de desenvolvemento social e económico en ámbitos ameazados polo despoboamento”. Por tanto, unha vez identificados os oito concellos que peor se comportan dentro dese nivel, poderían propoñerse como territorios preferentes para executar accións que contribúan a frear a súa deterioración e a o do territorio que os circunda.